



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1134-1102

DECRETO DO ALCALDE

Por Resolución da Alcaldía de data 19 e 29 de xuño de 2023 e posteriores modificacións de data 28 de xuño de 2024 e 25 de setembro de 2025 determinouse a estrutura da administración do Concello de Vigo: delegación de competencias para o período 2023-2027.

Por Resolución da Alcaldía de delegación de competencias específicas de data 25.09.2025 atribuíuse a concelleira de Área de Goberno de Política Social e Participación Cidadá en materia de Participación Cidadá e Distritos e, entre outras, a competencia na xestión dos Centros Municipais de Distrito.

A concelleira de Área de Goberno de Política Social e Participación Cidadá solicita, por razóns de eficacia administrativa na execución de obras que afectan a inmobles adscritos ao servizo de participación cidadá, a delegación de competencias para a redacción de proxectos e licitación de obras nos seguintes inmobles; Centro Cultural Bembrive; Pazo da Raposeira; Centro socio-cultural Cabral Feira; C.C. Valladares; Edificio Municipal Bouzas; Centro Municipal de Distritos de Teis.

Razóns de interese público que afectan ao funcionamento dos Centros Municipais de Distritos aconsellan a realización dunha delegación especial de conformidade co sinalado no artigo 43.5.a) do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento, e Réxime Xurídico das Entidades Locais, esta Alcaldía-Presidencia, en exercicio da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais segundo o artigo 124.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVE**

PRIMEIRO.- Delegar na concelleira de Área de Goberno de Política Social e Participación Cidadá todas as atribucións precisas para a redacción de proxectos, xestión, tramitación, execución e seguimento dos expedientes de contratación administrativa de obra pública que afecten aos seguintes inmobles: Centro Cultural Bembrive; Pazo da Raposeira; Centro socio-cultural Cabral Feira; C.C. Valladares; Edificio Municipal Bouzas; Centro Municipal de Distritos de Teis.

SEGUNDO.- A presente resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no artigo 44.2 do RD 2568/1986 e na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, así como na rede Intranet ao obxecto do seu coñecemento polas distintas dependencias e unidades administrativas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 12:06	Páxina 1 de 2
1134-1102	CSV: ADB8BC-BD37E2-DECAE8-XMKHK6-8WUST4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



TERCEIRO.- Notificar a Primeira Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade.

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da Corporación para o seu coñecemento

SGF

O Alcalde, Abel R. Caballero Álvarez

Dou fe, A Secretaria



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2026 12:06	Páxina 2 de 2
1134-1102	CSV: ADB8BC-BD37E2-DECAE8-XMKHK6-8WUST4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		